

CONVOCATORIA E CALENDARIO DE ELECCIÓN DE RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR

Niveis educativos: Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria.

A Dirección Xeral do Centro, de conformidade co disposto na lexislación vixente e no procedemento electoral adoptado por el mesmo, acordou convocar eleccións de representantes de pais, profesores, alumnos, persoal de administración e servizos e persoal de atención educativa complementaria no Consello Escolar do Centro, correspondente aos ensinos concertados de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, co obxecto de proceder á renovación parcial do Consello Escolar, con arranxo ao seguinte.

CALENDARIO ELECTORAL	
DATA/PRAZO	XESTIÓN
25 de outubro (luns)	Publicación das medidas de procedemento para a elección de representantes dos distintos sectores no Consello Escolar, e da presente convocatoria de eleccións e Calendario, pendente de ratificación pola Xunta Electoral.
26 de outubro (martes)	Sorteo público, promovido polo Director, para a designación de representantes de pais, profesores, alumnos e persoal de administración e servizos na Xunta Electoral. Hora: 17:00.
28 de outubro (xoves)	Reunión constitutiva da Xunta Electoral. Hora: 16:45.
2 de novembro (martes)	Publicación dos Censos Electorais (prazo de presentación de emendas ata o día 8 luns). Publicación das normas de ordenación das eleccións. A disposición de toda a Comunidade Educativa no taboleiro da recepción do Colexio.
4 – 12 de novembro	Prazo de presentación de candidaturas. Ata as 13:00 horas do último día.
16 de novembro (martes)	Reunión da Xunta Electoral para a proclamación de candidaturas. Hora: 13:00. Nos dous días seguintes á proclamación poderá presentarse Reclamación contra a resolución de proclamación de candidaturas. A Xunta Electoral resolverá no seguinte día hábil.
16 de novembro (martes)	Sorteo para a determinación de vogais e suplentes da Mesa Electoral de pais de alumnos e para a determinación de vogais da Mesa Electoral dos alumnos. Hora: 13:30.
19 de novembro (venres)	Publicación das candidaturas admitidas. Hora 16:00.
23 de novembro (martes)	Eleccións a representantes de profesores De 16:30 a 17:30 horas.
23 de novembro (martes)	Eleccións a representantes de pais. De 14:45 a 17:45 horas.
23 de novembro (martes)	Eleccións a representantes de alumnos. De 12:00 a 14:20 horas.
03 de decembro (venres)	Hasta esta data estará aberta a presentación de recursos contra a proclamación de candidatos. O día 03 de decembro Reunión da Xunta Electoral para a proclamación de candidatos electos. Hora: 13:00.

En Vigo, a 21 de outubro de 2021

A directora e presidenta do C. E. Susana Sánchez Del Tío


